



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/04/2008 09:30

Nº Rexistro: 28543

Data envío: 21/04/2008 19:29:14.908

Á MESA DO PARLAMENTO

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO e ANA BELÉN PONTON MONDELO, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á situación da quenda de oficio na comarca do Barbanza e sobre os procedementos para mellorar a tramitación dos procedementos de concesión do beneficio de xustiza gratuíta.

O art. 21 da Lei 1/96, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, outorga aos órganos xurisdicionais a posibilidade de requirir aos Colexios de avogados/as e procuradores/as a designación de profesionais que defendan e representen, respectivamente, os intereses das persoas, cando estas manifesten a súa carencia de recursos económicos e a urxencia ou circunstancias do asunto non permita acudir aos trámites ordinarios.

Este proceder é consecuencia do dereito á tutela xudicial efectiva e a un proceso con todas as garantías, que se incardina tanto no art.24 como no 119, ambos da Constitución Española. Malia o anterior na práctica a ausencia dunha rigorosa planificación e coordinación entre as diferentes administracións públicas está a provocar importantes prexuízos aos profesionais, tanto da avogacía como da procuradoría, que atenden o servizo da quenda de oficio.

Nas asistencias aos detidos, así como nos asuntos de estranxeiría nos que é preceptiva a asistencia letrada, non é infrecuente que o/a beneficiario/a esquezase de solicitar formalmente o beneficio de xustiza gratuíta. Por esta razón o profesional, designado provisoriamente, alén de atender co seu labor técnico debe tramitar a referida solicitude. Poren, o feito de que non se dispoña da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación xustificativa da situación económica do representado – situacións que ás veces resulta evidente- está a implicar as denegacións das solicitudes presentadas. Algo que está a acontecer con indesexábel frecuencia en Ribeira, onde os/as avogados/as que atenden a quenda de oficio están a ver con reiteración como tras asumir a responsabilidade dun procedemento xudicial e cumprir co seu traballo profesional, aos seus clientes eles denegado o beneficio de xustiza gratuíta, as máis das veces por insuficiente acreditación da situación económica do interesado/a.

Así as cousas, a realidade revela que a cotío o mantemento do servizo da quenda de oficio está a ser sostido polos propios profesionais, no canto de ser a administración pública quen asuma o sostemento dunha prestación imprescindible para a efectividade do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, recoñecido na Constitución.

Esta situación, que como ficou expresado afecta con especial intensidade –mais non exclusivamente- ás/aos letradas/os do partido xudicial de Ribeira, pon de manifesto a necesidade de que se proceda, sen dilación a unha mellora da coordinación entre administracións públicas que impida cargar nos profesionais a proba da capacidade económica das persoas ás que asisten pola quenda de oficio e tras o preceptivo requirimento xudicial. Extremo ao que no seu día se comprometera a propia Directora Xeral de Xustiza.

Por todo o exposto, dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formular as seguintes cuestións:

1.ª) Coñece a Directora Xeral de Xustiza a situación que están a pasar os profesionais que no partido xudicial de Ribeira manteñen o servizo da quenda de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oficio, como consecuencia da frecuente denegación do beneficio de xustiza gratuíta aos asistidos en virtude de requirimento xudicial, e que ás veces prodúcense unha vez rematada a tramitación íntegra do procedemento?

2.ª) Que instrumentos ten previsto implementar a Dirección Xeral de Xustiza para evitar que se reproduzan este tipo de situacións, e que os profesionais que, cun grande compromiso social e adicación, atenden o servizo da quenda de oficio, sigan a soportar o mantemento do mesmo?

3.ª) Ten avaliado a Xunta de Galiza a posibilidade de que as Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta teñan conexión coas bases de datos da axencia tributaria, tesourería xeral da seguridade social e outros organismos que permitan coñecer a situación económica dun interesado no recoñecemento do beneficio de xustiza gratuíta?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2008.

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabares Pérez-Piñeiro na data 21/04/2008 19:28:28

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/04/2008 19:28:32